



APELIDOS, NOME

D.N.I.

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TRABAJO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: MÉDICO XERAL

PARTE ESPECÍFICA

ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que lle indiquen.
- Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
- Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
- Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
- O tempo de realización deste exercicio é de **180 minutos**.
- Este cuestionario consta de 100 preguntas máis 10 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na "folia de exame" entre os números 1 e 110.
- En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
- Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
- As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "folia de exame" é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
- Só se terán en conta as respostas marcadas na súa "folia de exame" que se lle entrega xunto co caderno.
- Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
- Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
- Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a "folia de exame", da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.

- SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLIA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.

- ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EJERCICIO.

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL

APERTURA



1. A seguridade transfusional comprende:
 - A) A seguridade do produto.
 - B) A seguridade do proceso de transfusión e a seguridade do produto.
 - C) A seguridade do proceso de transfusión.
 - D) Ningunha das anteriores.

2. Realízase a declaración de reacción adversa:
 - A) No prazo de 72 horas sempre.
 - B) No prazo de 72 horas, fóra das que requiran máis tempo para confirmación diagnóstica.
 - C) Resposta B, e ademais será canto antes en casos relacionados con transmisión de enfermidades infecciosas, coa calidade e seguridade dos compoñentes ou con aquelas que puidesen implicar a máis receptores.
 - D) Ningunha das anteriores é certa.

3. Se dispoñemos dun monitor-desfibrilador manual, a monitoraxe inicial da actividade cardíaca nun paciente que acaba de padecer unha parada cardiorrespiratoria (PCR) presenciada debe realizarse da seguinte forma:
 - A) Acender o monitor-desfibrilador, seleccionar a derivación II e monitoraxe con pas.
 - B) Acender o monitor-desfibrilador, seleccionar a derivación II e monitoraxe con eléctrodos adhesivos colocados no tórax.
 - C) Acender o monitor-desfibrilador, seleccionar a derivación II e monitoraxe con eléctrodos adhesivos colocados nos membros.
 - D) Realizar EKG de 12 derivacións.

4. Dos seguintes enunciados, cal se pode definir como unha "reacción adversa grave"?
 - A) As complicacións que presentan síntomas primordialmente locais e as caracterizadas principalmente por extravasación, que producen hematomas ou hemorraxias retardadas.
 - B) Calquera feito desfavorable vinculado á extracción, verificación, tratamento, almacenamento e distribución de sangue e dos seus compoñentes que poida conducir á morte do paciente ou a estados que fagan perigar a súa vida ou que dea lugar a hospitalización ou enfermidade.
 - C) Unha resposta inesperada do doador ou do paciente, en relación coa extracción ou a transfusión de sangue ou dos seus compoñentes, que resulte mortal, potencialmente mortal, discapacitante, que produza invalidez ou incapacidade ou que dea lugar a hospitalización ou enfermidade, ou as prolongue.
 - D) Ningunha das anteriores é correcta.

5. Nun modelo de xestión de calidade baseado en procesos, que metodoloxía podemos aplicar de maneira xeral?
 - A) Planificar: establecer os obxectivos e procesos necesarios para conseguir resultados de acordo cos requisitos do cliente e as políticas de organización.
 - B) Implantar os procesos e verificar: realizar o seguimento e a mediación dos procesos e produtos respecto das políticas de organización, requisitos e obxectivos e informar sobre os resultados.
 - C) Actuar, tomar accións para mellorar continuamente o desempeño dos procesos.
 - D) Todas son correctas.

6. Os incidentes relacionados coa transfusión clasifícanse en:
- A) Reaccións adversas á transfusión.
 - B) Erros na administración de compoñentes.
 - C) Incidentes sen efecto/"case incidentes".
 - D) Todas as anteriores.
7. A transfusión de plaquetas está indicada en:
- A) Hemorragia activa por trombocitopenia e/ou trombocitopatía.
 - B) Púrpura trombocitopénica autoinmune.
 - C) En A e B.
 - D) En ningunha das anteriores.
8. Indique cal dos seguintes se considera un principio de auditoría?
- A) Confidencialidade.
 - B) Enfoque baseado na evidencia.
 - C) Independencia.
 - D) Todas as anteriores son correctas.
9. Indique a resposta incorrecta sobre as plaquetas crioconservadas:
- A) É un concentrado de plaquetas que se conxela engadindo un axente crioprotector.
 - B) A conxelación debe realizarse en 72 horas postextracción.
 - C) A temperatura de almacenamento será de -80 °C ou inferior.
 - D) Todas son correctas.
10. Cando prememos "Mostrar o escritorio":
- A) Distribúenos as ventás en sentido vertical, segundo a súa secuencia de activación.
 - B) Distribúenos as ventás en sentido horizontal, segundo sexa a súa secuencia de activación.
 - C) Organízanos as ventás superpostas.
 - D) Minimízanos todas as ventás e deixa as iconas accesibles na barra de tarefas.
11. Respecto do consentimento informado na hemodoazón, sinala a resposta correcta:
- A) Antes de asinar o consentimento, todos os doadores deben ser informados do procedemento.
 - B) É un documento específico para cada aférese.
 - C) Deben ser informados dos riscos potenciais do procedemento.
 - D) Todas son correctas.
12. Cal é a pantalla principal de Windows?
- A) Iconas.
 - B) Ventás.
 - C) Escritorio.
 - D) Pantalla.

13. Respecto do procedemento de extracción, sinala a resposta incorrecta:
- A) Antes de que a bolsa sexa retirada do doador, será identificada mediante un só número de identificación para cada unidade.
 - B) O mesmo número de identificación de cada unidade será usado para os seus compoñentes.
 - C) Este número de identificación pódese cambiar cando retiremos os tubos coas mostras das análises preceptivas.
 - D) O número de identificación debe permanecer inalterable.
14. Respecto do procedemento de extracción, sinala a resposta incorrecta:
- A) Deben constar a mestura e o lote do equipo de aférese en todos os procesos.
 - B) É preciso coñecer o separador e a medicación empregada.
 - C) Non é necesario que conste nin o tipo nin o volume de anticoagulante usado xa que sempre é o mesmo e a mesma cantidade.
 - D) Todas son correctas.
15. A normativa da nosa comunidade autónoma regula que debe existir un responsable de hemovixilancia en:
- A) Todos os centros sanitarios.
 - B) Todos os hospitais da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - C) Na Consellería de Sanidade.
 - D) Ningunha das anteriores é certa.
16. O uso da capnografía en pacientes entubados:
- A) Permite supervisar a calidade da RCP.
 - B) Mide os niveis de osíxeno nos alvéolos.
 - C) Determina o nivel do dióxido de carbono inspirado en relación co gasto cardíaco.
 - D) Detecta as anomalías electrolíticas temperamente durante o manexo do código.
17. Cal das seguintes situacións é a que mellor describe a actividade eléctrica sen pulso?
- A) Asistolia sen pulso.
 - B) Ritmo sinusal sen pulso.
 - C) Torsades de pointes con pulso.
 - D) Taquicardia ventricular con pulso.
18. A cirurxía ortopédica ou plástica, os pacientes con risco transfusional elevado ou as cirurxías cardiovasculares están entre as:
- A) Contraindicacións xerais da autotransfusión.
 - B) Indicacións da autotransfusión.
 - C) As respostas A e B son correctas.
 - D) Ningunha das anteriores é correcta.
19. Tecnoloxía da información. Os almacéns de datos integran información electrónica de moitas fontes e proporcionan valiosos informes de xestión. Dos seguintes sistemas, entre outros, de cales se poden extraer datos?
- A) Software para bancos de sangue.
 - B) Software de recursos humanos, de planificación de recursos e programación de citas.
 - C) Fontes de datos externas: censo, datos xeográficos e cartográficos, códigos postais etc.
 - D) Todas son correctas.

20. Respecto do procedemento de extracción, sinale a resposta correcta:
- A) Antes de que a bolsa sexa retirada do doador, será identificada mediante un só número de identificación para cada unidade.
 - B) O mesmo número de identificación de cada unidade será usado para os seus compoñentes e para os tubos coas mostras das análises preceptivas.
 - C) Este número de identificación debe permanecer inalterable.
 - D) Todas son correctas.
21. Acceso por persoal de xestión e servizos. Os traballadores sociais que desenvolvan as súas funcións nos centros, servizos e establecementos sanitarios unicamente poden rexistrar a súa actividade nas epígrafes correspondentes:
- A) Aspectos relacionados con datos de especial custodia ou intimidade nas áreas de xenética, sexualidade, psiquiatría ou enfermidades infecciosas que poidan prexudicar a súa vida social ou laboral.
 - B) Aspectos relacionados con datos relativos á violencia de xénero.
 - C) Aspectos sociais e sociosanitarios da historia clínica.
 - D) Ningunha é correcta.
22. Respecto do consentimento informado na hemodoazón, sinale a resposta correcta:
- A) Antes de asinar o consentimento, todos os doadores deben ser informados do procedemento.
 - B) É un documento específico para cada aférese.
 - C) Deben ser informados dos riscos potenciais do procedemento.
 - D) Todas son correctas.
23. Indique a incorrecta sobre as hemacias crioconservadas:
- A) Son un concentrado de hemacias que se conxelan con un axente crioprotector.
 - B) A conxelación debe realizarse entre os 9 e 12 días postextracción.
 - C) Serán almacenados a temperaturas < -65 °C.
 - D) O axente crioprotector débese eliminar antes da transfusión.
24. Son tipos de transplante de medula ósea:
- A) Autotransplante de medula ósea.
 - B) Alotransplante de medula ósea.
 - C) Transplante de sangue de cordón umbilical.
 - D) Todas as anteriores.
25. A norma ISO 9001:2008 estrutúrase no modelo dun sistema de xestión da calidade baseado en:
- A) Procedementos.
 - B) Clientes.
 - C) Procesos.
 - D) Auditorías.
26. Respecto do procedemento de extracción, sinale a resposta correcta:
- A) Debe constar a duración do proceso.
 - B) É preciso coñecer o volume do compoñente extraído.
 - C) É necesario que consten reaccións adversas e o seu tratamento no caso de que se produzan.
 - D) Todas son correctas.

27. Unha transfusión dun concentrado de hemacias nun adulto pode aumentar o valor da hemoglobina en sangue:
- A) De 3 a 6 g/dl e o Hcto no 5 %.
 - B) De 1 a 1,5 g/dl e o Hcto no 2-3 %.
 - C) De 2 a 9 g/dl e o Hcto no 2-3 %.
 - D) De 5 a 6 g/dl e o Hcto no 2-3 %.
28. A Asociación Nacional de Cirurxía e Medicamento sen Sangue (NABMS) créase nos Estados Unidos en:
- A) 1992.
 - B) 1994.
 - C) 1996.
 - D) 1998.
29. A clasificación da gravidade das complicacións relacionadas coa doazón realízase en:
- A) Escala de 0 a 4, onde o 0 é sen manifestacións clínicas e o 4, a morte do paciente.
 - B) Escala de 0 a 4 , onde o 4 é sen manifestacións clínicas e o 0, a morte do paciente.
 - C) Escala de leve-grave-moi grave.
 - D) Non se usan escalas de gravidade.
30. A aférese é:
- A) Unha forma diferente de doazón de sangue.
 - B) Recóllese un pequeno volume de sangue, sepárase o elemento necesario e restitúese o resto dos compoñentes ao doador.
 - C) O volume extraído é inferior ao 13 % do volume total de sangue do doador.
 - D) Todas as anteriores son correctas.
31. Respecto do almacenamento e caducidade dos compostos plasmáticos conxelados, indique a resposta incorrecta:
- A) Poderanse almacenar ata 36 meses segundo o procesamento establecido se se conservan a -25 °C ou menos.
 - B) Poderanse almacenar ata 3 meses segundo o procesamento establecido se se conservan entre -18 e -25 °C.
 - C) Poderanse almacenar ata 24 horas se se desconxelan e se manteñen entre 2 e 6 °F.
 - D) Todas son correctas.
32. Cal das seguintes afirmacións é un obxectivo do Plan de hemodoazón e hemoterapia de Galicia?
- A) Garantir a calidade e seguridade de toda a cadea transfusional.
 - B) Establecer un sistema de alerta e hemovixilancia na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - C) Alcanzar a autosuficiencia baseada na doazón voluntaria e altruísta do sangue.
 - D) Todas son correctas.

33. Indique a resposta incorrecta sobre o plasma fresco desconxelado:
- A) O plasma fresco conxelado é sometido a desconxelación a 37 °C.
 - B) O plasma fresco desconxelado almacénase a temperaturas entre 2 e 6 ° C.
 - C) É viable 5 días en todos os seus elementos, incluíndo os factores termolábiles Factor V e Factor VIII.
 - D) Todas son correctas.
34. Respecto do procedemento de extracción, sinale a resposta incorrecta:
- A) Todo o sistema debe ser estéril, libre de piróxenos e non tóxico.
 - B) Asegurarase reinfusión de hemacias autólogas naqueles procedementos nos que non se prevexa obtención doutras hemacias.
 - C) Non fan falta precaucións para evitar o embolismo aéreo porque non sucede nunca.
 - D) Todas son correctas.
35. Ancorar programas ou arquivos serve para:
- A) Dispoñer deles de forma máis rápida. Unicamente se poden ancorar elementos á barra de tarefas.
 - B) Que se executen ao iniciar o computador.
 - C) Que non volvan aparecer nunha Jump list.
 - D) Dispoñer deles de forma máis rápida, xa sexa na barra de tarefas ou no menú Inicio.
36. Cales son os tipos de doadores máis seguros?
- A) Os doadores esporádicos, voluntarios e non remunerados.
 - B) Os doadores regulares, voluntarios e non remunerados.
 - C) Os doadores regulares, voluntarios e remunerados.
 - D) Os doadores esporádicos, voluntarios e remunerados.
37. Na plasmaférese:
- A) Extráense só plaquetas e procésanse.
 - B) Extráense só glóbulos vermellos e procésanse.
 - C) Extráese o sangue do corpo e procésanse as células do sangue separándoas do plasma.
 - D) Extráense só glóbulos brancos e procésanse.
38. Coa finalidade de ofertar servizos de alta calidade, a asistencia sanitaria deberá reunir, entre outras, as seguintes características:
- A) Eficaz, eficiente e segura.
 - B) Adecuada á demanda e dispoñible.
 - C) Accesible e ter unha continuidade temporal e espacial.
 - D) Todas as anteriores son correctas.
39. Un paciente con insuficiencia respiratoria está apneico, pero segue tendo pulso forte. A frecuencia cardíaca descende subitamente a 30 lpm. Que intervención ten maior prioridade?
- A) Bolo IV de atropina.
 - B) Infusión IV de adrenalina.
 - C) Aplicación de marcapasos transcutáneo.
 - D) Manobras simples de vía aérea e ventilación asistida.

40. De acordo co establecido na norma ISO de xestión de calidade, indique a resposta correcta:

- A)** A adopción dun sistema de xestión de calidade é unha decisión estratéxica para unha organización.
- B)** Esta norma internacional pode ser utilizada por partes internas e externas.
- C)** Esta norma promove a adopción dun enfoque baseado en procesos.
- D)** Todas as anteriores son correctas.

41. Bloquear é:

- A)** Pechar a sesión do usuario actual.
- B)** Unha operación que realiza todas as funcións de apagado do ordenador e volve iniciar Windows 7.
- C)** Unha función que bloquea o equipo ou, o que é o mesmo, nos mostra a pantalla de benvida onde hai que introducir o contrasinal para poder seguir traballando con el.
- D)** Ningunha das anteriores é correcta.

42. Extensión do dereito de acceso aos datos. O paciente ou usuario ten dereito de acceso á información contida na historia clínica electrónica e a:

- A)** Obter copia dos informes ou datos que figuran nela, podéndoo levar a cabo mediante calquera medio que estea conforme coa normativa aplicable.
- B)** Obter copia unicamente dos datos relativos á súa identificación persoal.
- C)** Obter copia unicamente dos datos de especial custodia.
- D)** Todas son correctas.

43. Segundo o Real decreto 1343/2007, do 11 de outubro, entenderase por corentena:

- A)** O illamento físico dos compoñentes sanguíneos, materiais e reactivos durante un período de tempo variable á espera da súa aceptación, subministración ou rexeitamento.
- B)** O conxunto de actividades coordinadas para dirixir e controlar unha organización.
- C)** Ningunha das anteriores.
- D)** Todas as anteriores.

44. Non son tipos de transplante de medula ósea:

- A)** O autotransplante de medula ósea.
- B)** O alotransplante de medula ósea.
- C)** O transplante de sangue de cordón umbilical.
- D)** Ningunha das anteriores é correcta.

45. Comunicación de datos persoais. En que caso non será necesario o consentimento da persoa interesada para a comunicación de datos persoais sobre a saúde a través de medios electrónicos?

- A)** Entre organismos, centros, servizos e establecementos da Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Sistema nacional de saúde cando se realice para levar a cabo a atención sanitaria das persoas, tanto se se realiza con medios propios como concertados.
- B)** Entre organismos do Sistema nacional de saúde.
- C)** Entre organismos , centros, servizos e establecementos da Consellería de Sanidade.
- D)** Ningunha é correcta.

46. En relación coa hepatite, sinale a falsa:
- A) O sangue do doador analízase en busca de anticorpos contra o virus de hepatite C (HCV) e RNA de HCV.
 - B) O sangue do doador é sometido a detección para o virus de hepatite B utilizando a análise de antíxeno de superficie de HB (Hbs Ag).
 - C) O risco de infección por HBV relacionada con transfusión é menor ca para HCV.
 - D) Non están indicadas probas sistemáticas para detección doutros virus de hepatites (virus TT, virus SEN, virus GBC).
47. É causa de exclusión de doazón de sangue de forma temporal:
- A) Ter relacións sexuais con persoas consumidoras de drogas.
 - B) Ter relacións sexuais non seguras.
 - C) Recibir algunha transfusión de sangue nos últimos 12 meses.
 - D) Todas as anteriores.
48. Respecto do consentimento informado na hemodoazón, sinale a resposta incorrecta:
- A) Antes de asinar o consentimento, todos os doadores deben ser informados do procedemento.
 - B) É un documento común para todos os tipos de aféreses.
 - C) Deben ser informados dos riscos potenciais do procedemento.
 - D) Todas son correctas.
49. Non son riscos asociados á extracción de sangue:
- A) Desmaio ou sensación de mareo.
 - B) Asma.
 - C) Infección.
 - D) Hematoma.
50. Cal das seguintes opcións forma parte do explorador de Windows?
- A) Barra de ferramentas.
 - B) Panel de navegación.
 - C) Lista de arquivos.
 - D) Todas as anteriores son correctas.
51. A capacidade das bolsas de sangue doado é de:
- A) 450 ml.
 - B) 550 ml.
 - C) 350 ml.
 - D) 500 ml.
52. O decreto que regula a hemodoazón e hemoterapia en Galicia é o:
- A) Decreto 98/2005, do 21 de abril.
 - B) Decreto 100/2005, do 27 de abril.
 - C) Decreto 100/2005 do 19 de maio.
 - D) Ningunha é correcta.

53. Respecto do procedemento de extracción, sinale a resposta correcta:
- A) Todo o sistema debe ser estéril, libre de piróxenos e non tóxico.
 - B) Asegurarse reinfusión de hemacias autólogas naqueles procedementos nos que non se prevexa obtención doutras hemacias.
 - C) Teranse precaucións para evitar o embolismo aéreo.
 - D) Todas as respostas son correctas.
54. O acceso á información contida na historia clínica electrónica con fins de investigación levarase a cabo unicamente para proxectos de investigación que sexan cientificamente aprobados. Quen efectúa esa aprobación?
- A) A Comisión de Ética de Investigación correspondente, coa autorización previa do órgano da Consellería de Sanidade competente en materia de investigación.
 - B) A Comisión de Ética de Investigación correspondente, coa autorización previa do órgano da Consellería de Sanidade competente en materia de investigación e a proposta da dirección do centro ao que pertence o investigador principal.
 - C) A Comisión de Ética e de Ensaos Clínicos da Consellería de Sanidade.
 - D) Ningunha das anteriores é correcta.
55. Dos seguintes enunciados, cal sería a definición que máis se axusta a unha auditoría?
- A) Un procedemento administrativo de carácter obrigatorio ante unha autoridade governamental competente e regulada en normas específicas como leis, decretos, ordes ou regulamentos.
 - B) Un proceso sistemático, independente e documentado para obter evidencias da auditoría (rexistros, declaracións de feito ou calquera outra información que é verificable) e avalialas de maneira obxectiva, co fin de determinar o grao en que se cumpren os criterios de auditoría (conxunto de políticas, procedementos ou requisitos usados como referencia fronte á cal se compara a evidencia).
 - C) Un procedemento de verificación externo dirixido a avaliar o grao de cumprimento dunha serie de requisitos de calidade, previamente establecidos, por un órgano dependente, que emitirá finalmente un ditame.
 - D) Todas as anteriores son correctas.
56. Cal é relación "compresións torácicas/ventilacións" adecuada ante unha potencial parada cardiorrespiratoria (PCR) do adulto tanto se hai un como dous reanimadores?
- A) 15:2.
 - B) 5:1.
 - C) 30:2.
 - D) 50:2.
57. Ante unha potencial parada cardiorrespiratoria (PCR) do adulto por fibrilación ventricular e ao aplicar a primeira descarga do desfibrilador externo semiautomático (DESA), este reanaliza o ritmo e non recomenda unha nova descarga e a vítima inicia respiración espontánea. Cal sería o seguinte paso?
- A) Suspende toda manobra adicional.
 - B) Continuar só con ventilacións.
 - C) Continuar con 30 compresións torácicas e 2 ventilacións durante 2 minutos.
 - D) Continuar só con compresións torácicas.

58. O Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro, polo que se establecen os requisitos técnicos e condicións mínimas nos servizos de transfusión, dispón no seu ámbito de aplicación:

- A) A extracción e verificación do sangue humano ou os seus compoñentes, sexa cal for o seu destino.
- B) O tratamento, almacenamento e distribución do sangue humano ou os seus compoñentes cando o destino sexa a transfusión.
- C) A autotransfusión.
- D) Todas as anteriores son correctas.

59. O decreto que regula a hemodoazón e hemoterapia en Galicia é o:

- A) Decreto 99/2005, do 21 de abril.
- B) Decreto 100/2005, do 21 de abril.
- C) Decreto 99/2005, do 27 de abril.
- D) Decreto 100/2005, do 27 de abril

60. A Rede de hemodoazón e hemoterapia de Galicia actuará de acordo co prescrito no artigo 89 da Lei 7/2003, do 9 de decembro, baixo os principios de:

- A) Calidade e seguridade.
- B) Promoción altruísta da doazón.
- C) Acción coordinada de todos os medios públicos e privados.
- D) Todas as anteriores.

61. Os indicadores de rendemento de tipo xeral relacionados coa xestión do doador deben subministrarlles aos responsables desta xestión unha imaxe instantánea do estado desta función no seu centro. Estes indicadores de rendemento xerais denomínanse:

- A) Indicadores de rendemento clave.
- B) Indicadores de rendemento de captación de doadores.
- C) Indicadores de rendemento de selección de doadores.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

62. Preténdese que os requisitos da norma ISO 9001:2008 sexan aplicables a todas as organizacións sen importar:

- A) O seu tipo.
- B) O seu tamaño.
- C) O seu produto subministrado.
- D) Todas as anteriores son correctas.

63. Cal das seguintes opcións é unha vista?

- A) Detalles.
- B) Iconas grandes.
- C) Iconas medianas.
- D) Todas son correctas.

64. Cal é o intervalo apropiado durante unha RCP básica para interromper as compresións torácicas?

- A) Durante 10 segundos ou menos.
- B) De 10 a 15 segundos.
- C) De 15 a 20 segundos.
- D) As interrupcións non son aceptables en ningún caso.

65. Cal é o método máis fiable de confirmación e monitoraxe da localización correcta dun tubo endotraqueal?

- A) Auscultación de 5 puntos.
- B) Capnografía colorimétrica.
- C) Capnografía continua.
- D) Uso de detectores esofáxicos.

66. A Asociación Nacional de Cirurxía e Medicina sen Sangue (NABMS) créase nos Estados Unidos en:

- A) 1766.
- B) 1866.
- C) 1996.
- D) 2006.

67. Para realizar a doazón autóloga, é necesario:

- A) Unha temperatura maior a 37 °C.
- B) Un intervalo de doazón superior a 7 días.
- C) O consentimento do doador.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

68. Cal dos seguintes programas non se inclúe no Plan de hemodoazón e hemoterapia de Galicia:

- A) Programa de acreditación de servizos de transfusión dirixidos a alcanzar maior calidade e seguridade na cadea transfusional, incluíndo a actividade de autodoazón do sangue humano e os seus compoñentes e o uso terapéutico destes.
- B) Programa de promoción da doazón de sangue, tanto convencional como de compoñentes mediante aféreses.
- C) Plan de seguridade transfusional que inclúa o programa autonómico de hemovixilancia para a recollida de efectos e reaccións adversas graves ou inesperadas que se manifestan nos doadores ou nos receptores.
- D) Plan de promoción do desenvolvemento da investigación tendente á obtención de novos derivados do sangue para usos terapéuticos.

69. Os centros e/ou servizos de transfusión responsables do transporte dispoñerán dun procedemento para garantir a seguridade e conservación dos compoñentes sanguíneos. O método de transporte debe estar validado e asegurar que durante o traxecto se mantén a temperatura óptima para cada compoñente. Indique a resposta correcta:

- A) Hemacias: 1-25 °C.
- B) Compoñentes plaquetarios: 18-24 °C.
- C) Compoñentes conxelados: non se debe manter a conxelación.
- D) Todas as anteriores son correctas.

70. Definición dunha icona:

- A) Unha imaxe para xogar.
- B) Unha imaxe que representa un programa.
- C) Unha imaxe que mostra unha ventá.
- D) Ningunha das anteriores.

71. Na morte súbita non traumática ou parada cardiorrespiratoria (PCR) do adulto, cal é o ritmo cardíaco que imos atopar máis frecuentemente?

- A) Asistolia.
- B) Actividade eléctrica sen pulso.
- C) Fibrilación ventricular.
- D) Fibrilación auricular.

72. En relación cos virus emerxentes:

- A) Non se estableceu que risco hai de transmitir a enfermidade de Creutzfeldt-Jacob por transfusión sanguínea.
- B) Recentemente o HVH-6 foi considerado como unha ameaza potencial á seguridade das transfusións.
- C) Respecto do dengue, a existencia de doadores asintomáticos IgM antiDEMV positivos e viremia recente reportada suxire que é posible a transmisión transfusional.
- D) Todas son correctas.

73. Respecto do consentimento informado na hemodoazón, sinale a resposta incorrecta:

- A) Antes de asinar o consentimento, todos os doadores deben ser informados do procedemento.
- B) É un documento común para todos os tipos de aféreses.
- C) Deben ser informados dos riscos potenciais do procedemento.
- D) Todas son correctas.

74. Ante unha potencial parada cardiorrespiratoria (PCR) do adulto, cal dos seguintes pasos na cadea de supervivencia sería o primeiro que habería que seguir?

- A) Desfibrilación precoz.
- B) Avaliación e recoñecemento precoz de resposta e pedir axuda.
- C) Abrir a vía aérea.
- D) Soporte vital avanzado precoz e coidados posresucitación estandarizados.

75. Cal das seguintes enfermidades infecciosas por virus non é transmisible polos compoñentes sanguíneos dunha transfusión?

- A) Mononucleose infecciosa.
- B) Varicela.
- C) Hepatite C.
- D) Encefalite por prións.

76. Respecto das hemacias crioconservadas, sinale a resposta correcta:

- A) É un concentrado de hemacias que se conxela cun axente crioprotector que se debe eliminar antes da transfusión.
- B) A conxelación debe realizarse antes de 7 días postextracción.
- C) Serán almacenadas a temperaturas de -65 °C ou menos.
- D) Todas son correctas.

77. O asesoramento á Consellería de Sanidade e a coordinación nas materias de política hemoterápica, hemovixilancia e abastecemento de sangue correspóndelle:

- A) Á Comisión de Planificación Transfusional.
- B) Á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
- C) Á Xerencia de Xestión Integrada correspondente.
- D) A Subdirección Xeral de Farmacia.

78. As complicacións dun transplante de medula ósea poden incluír:

- A) Cataratas.
- B) Vertixe.
- C) A e B.
- D) Ningunha das anteriores.

79. Sinala a opción verdadeira:

- A) Detéctase sistematicamente a presenza do virus do Nilo Occidental.
- B) Utilízanse análises para a detección de HTLV-1 e HTLV-2 en todo o sangue do doador.
- C) Realízanse probas para detectar a presenza de axentes infecciosos utilizando probas de amplificación de ácidos nucleicos (NAAT).
- D) Todas as anteriores son certas.

80. Respecto do procedemento de extracción, sinala a resposta correcta:

- A) Deben existir protocolos escritos para todos os procesos.
- B) Os protocolos incluírán criterios para as doses dos fármacos e/ou fluídos usados.
- C) Estes protocolos deberán incluír instrucións para a prevención e tratamento de reaccións adversas.
- D) Todas son correctas.

81. Ante unha potencial parada cardiorrespiratoria (PCR) do adulto, cal é o tratamento máis efectivo?

- A) Adrenalina IV.
- B) Golpe precordial.
- C) Desfibrilación precoz.
- D) Entubación endotraqueal.

82. Ante unha potencial parada cardiorrespiratoria (PCR) do adulto, se o reanimador non quere dar ventilación artificial boca a boca, que debe facer?

- A) Suspende toda manobra adicional.
- B) Esperar que o paciente sexa entubado para continuar as manobras.
- C) Manobra de Heimlich.
- D) RCP só con compresións torácicas.

83. Son beneficios da transfusión autóloga:

- A) Seguridade do paciente.
- B) Menor risco de trombose.
- C) Ausencia de incompatibilidade sanguínea.
- D) Todas as anteriores.

84. Indica a resposta correcta sobre o firewall de Windows:

- A) É unha devasa.
- B) Para a localización do firewall de Windows hai que seguir os pasos: Inicio>Panel de control>Sistema e seguridade>Windows update.
- C) O firewall non se pode desactivar.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

85. Notas rápidas en Windows:
- A) É unha aplicación á que se accede a través do menú Inicio>Todos os programas>Accesorio>Notas rápidas.
 - B) Serve para escribir anotacións "ao estilo post-it".
 - C) O símbolo + que aparece na parte superior esquerda da nota serve para crear unha nova nota.
 - D) Todas as anteriores son correctas.
86. Cal é a mellor estratexia para realizar RCP de alta calidade nun paciente cun dispositivo avanzado para a vía aérea?
- A) Administrar compresións e ventilacións cunha relación de 15:2.
 - B) Administrar compresións e ventilacións cunha relación de 30:2.
 - C) Administrar unha soa ventilación cada 6 segundos durante a pausa das compresións.
 - D) Administrar compresións torácicas continuas sen pausa e 10 ventilacións por minuto.
87. O acceso á información contida na historia clínica electrónica con fins de avaliación, acreditación e planificación sanitaria obriga a preservar os datos de:
- A) Datos de identificación persoal do paciente ou usuario, separados dos de carácter clínico-asistencial, de maneira que, como regra xeral, quede asegurado o anonimato, agás que o propio paciente ou usuario dese o seu consentimento para non separalos.
 - B) Datos de identificación persoal do paciente ou usuario non separados dos de carácter clínico-asistencial.
 - C) Soamente os datos de carácter clínico-asistencial.
 - D) Ningunha das anteriores é correcta.
88. Cal das seguintes enfermidades infecciosas bacterianas non é transmisible polos compoñentes sanguíneos dunha transfusión:
- A) Rickettsias.
 - B) Espiroquetas.
 - C) Neisserias.
 - D) Treponemas.
89. Cal dos seguintes virus se pode transmitir por transfusión de hemoderivados e pode permanecer en latencia e reactivarse?
- A) O virus da hepatite A.
 - B) O virus respiratorio sincitial.
 - C) O citomegalovirus.
 - D) O rotavirus.
90. Indique a resposta correcta sobre as plaquetas crioconservadas:
- A) É un concentrado de plaquetas que se conxela engadindo un axente crioprotector.
 - B) A conxelación debe realizarse en 24 horas postextracción.
 - C) A temperatura de almacenamento será de -80 °C ou inferior.
 - D) Todas son correctas.

91. Respecto do almacenamento e caducidade dos compostos plasmáticos conxelados, indique a resposta correcta:
- A) Poderanse almacenar ata 36 meses segundo o procesamento establecido se se conservan a $-25\text{ }^{\circ}\text{C}$ ou menos.
 - B) Poderanse almacenar ata 3 meses segundo o procesamento establecido se se conservan entre -18 e $-25\text{ }^{\circ}\text{C}$.
 - C) Poderanse almacenar ata 24 horas se se desconxelan e se manteñen entre 2 e 6 $^{\circ}\text{C}$.
 - D) Todas son correctas.
92. Que fármaco e en que dose está recomendado para tratar un paciente con fibrilación ventricular persistente?
- A) Unha dose de 2 mg de atropina.
 - B) Unha dose de 300 mg de amiodarona.
 - C) Unha dose de 1 mg/kg de vasopresina.
 - D) Unha dose de 2 mg/kg por minuto de dopamina.
93. Que órgano ten dentro das súas funcións a realización do seguimento do Plan de hemodoazón e hemoterapia de Galicia?
- A) Comité de Transfusión e Hemoderivados.
 - B) A Comisión de Planificación Transfusional.
 - C) A Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.
 - D) A Comisión de Hemovixilancia.
94. O Plan de hemodoazón e hemoterapia de Galicia someterase á aprobación:
- A) Da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.
 - B) Da Consellería de Sanidade.
 - C) Do Consello da Xunta de Galicia.
 - D) Da Comisión de Planificación Transfusional.
95. Respecto do consentimento informado, sinala a resposta correcta:
- A) Debe ser específico para cada aférese.
 - B) Antes de asinar o consentimento, todos os doadores deben ser informados do procedemento.
 - C) Deben ser informados dos seus riscos potenciais.
 - D) Todas son correctas.
96. Sinala cal das seguintes afirmacións referidas ao paludismo e os seus axentes causais non é certa:
- A) A infección do ser humano comeza coa picadura do mosquito *Anopheles* que introduce o esporozoito coa súa saliva no sistema circulatorio.
 - B) O *Plasmodium vivax* é selectivo en canto a que só invade hemacias novas inmaturas.
 - C) O *Plasmodium ovale* atópase sobre todo en África Tropical.
 - D) A detección dunha infección mixta non ten influencia directa sobre o tratamento elixido.

97. Que práctica é segura e eficaz na secuencia de desfibrilación?

- A) Deter as compresións torácicas cando se carga o desfibrilador.
- B) Asegurarse que non circula osíxeno sobre o tórax do paciente durante a descarga.
- C) Determinar a presenza de pulso inmediatamente despois da descarga.
- D) Anunciar de forma imperativa "despexen" despois de administrar a carga co desfibrilador.

98. Home de 47 anos natural do Brasil, residente en España desde hai 10 anos, acode á consulta por disfaxia e estrinximento crónico. Entre os seus antecedentes destaca unha miocardiopatía dilatada e ser portador de marcapasos. No tránsito gastroesofáxico obxectívase megaesófago, así como megacolon no enema opaco. Cal sería a proba diagnóstica máis rendible das seguintes para establecer un diagnóstico?

- A) Panendoscopia oral e colonoscopia para toma de biopsias.
- B) Aspirado de medula ósea para Leishmania spp.
- C) Seroloxía para Treponema cruzi.
- D) Coprocultivo para enteropatóxenos.

99. Que é un sistema operativo?

- A) Un programa que actúa como intermediario entre o usuario e o hardware dun ordenador.
- B) É o código que acompaña a execución de calquera aplicación.
- C) É a parte do hardware.
- D) Ningunha das anteriores.

100. Ante unha potencial parada cardiorrespiratoria (PCR) do adulto por fibrilación ventricular e en ausencia de desfibrilador, as compresións torácicas de alta calidade aumentan a porcentaxe de supervivencia. Cando son efectivas as compresións?

- A) Cando se realizan a unha frecuencia de 100 compresións por minuto.
- B) Cando a profundidade de compresión torácica é de 5 cm.
- C) Cando permiten a expansión torácica completa durante a descompresión.
- D) Todas as anteriores son correctas.

101. Cal é a estratexia de ventilación adecuada para un adulto con paro respiratorio e unha frecuencia de pulso de 80 lpm?

- A) 1 ventilación cada 3 ou 4 segundos.
- B) 1 ventilación cada 5 ou 6 segundos.
- C) 2 ventilacións cada 5 ou 6 segundos.
- D) 2 ventilacións cada 6 ou 8 segundos.

102. A reacción vasovagal pode ser unha complicación relacionada coa doazón. Esta clasifícase en catro tipos que son:

- A) Inmediata, inmediata con dano, retardada e retardada con dano.
- B) Inmediata, diferida e retardada.
- C) Inmediata, inmediata con dano e retardada.
- D) Ningunha das anteriores.

103. Segundo o establecido no Decreto 100/2005, do 21 de abril, de hemodoazón e hemoterapia na Comunidade Autónoma de Galicia, o almacenamento dunha seroteca ou plasmateca de mostras de todas as doazóns de sangue será cando menos por un período mínimo de:

- A) 5 anos.
- B) 10 anos.
- C) 15 anos.
- D) 20 anos.

104. Segundo a norma ISO 9001:2008, en cales dos seguintes principios, entre outros, está baseada a xestión da calidade?

- A) Liderado.
- B) Enfoque baseado en procesos.
- C) Mellora continua.
- D) Todas son correctas.

105. Os resultados normais para adultos de hemoglobina en sangue varían, pero en xeral son:

- A) De 12,1 a 15,1 g/dl en mulleres e de 13,8 a 17,2 g/dl en homes.
- B) De 15,6 a 17,9 g/dl en mulleres e de 20 g/dl en homes.
- C) De 7,2 a 9,6 g/dl en mulleres e de 10,2 a 11,5 g/dl en homes.
- D) Ningunha das anteriores.

106. Cal das seguintes afirmacións sobre a importación de sangue e compoñentes é correcta?

- A) O sangue e compoñentes sanguíneos importados de terceiros países deberán cumprir normas e especificacións establecidas na lexislación da súa comunidade autónoma.
- B) O sangue e compoñentes sanguíneos importados de terceiros países deberán cumprir normas e especificacións equivalentes ás establecidas no Decreto 102/2005, do 25 de abril.
- C) O sangue e compoñentes sanguíneos importados de terceiros países deberán cumprir, con carácter previo á súa importación, con normas e especificacións equivalentes ás establecidas no Real decreto 1343/2007, do 11 de outubro.
- D) O sangue e compoñentes sanguíneos importados de terceiros países deberán cumprir, tras a súa importación, con normas e especificacións equivalentes ás establecidas no Real decreto 1343/2007, do 11 de outubro.

107. Un dos seguintes enunciados non se considera unha ferramenta de avaliación externa:

- A) Auditoría de dirección.
- B) EFQM.
- C) Cumprimento de normas ISO 9000.
- D) Acreditación.

108. Para aplicar unha RCP básica de alta calidade, segundo as novas recomendacións das guías 2010 e 2015 da ERC e da AHA, indique a resposta incorrecta:

- A) A ventilación toma protagonismo con respecto ás compresións torácicas.
- B) A profundidade das compresións torácicas debe ser polo menos de 5 cm nos adultos.
- C) Reducir ao mínimo as interrupcións das compresións torácicas.
- D) Permitir unha expansión torácica completa despois de cada compresión.

109. Nos rexistros dos doadores e do sangue doado, cal é o tempo mínimo que deben permanecer gardados os resultados dos requisitos básicos de verificación das unidades (grupo ABO-D e detección de enfermidades infecciosas)?

- A) 2 anos.
- B) 15 anos.
- C) 40 anos.
- D) 1 ano.

110. Respecto do procedemento de extracción, sinala a resposta correcta:

- A) Debe constar a identificación do doador en cada proceso de extracción.
- B) Os resultados analíticos deben estar tamén incluídos no procedemento.
- C) É necesario saber a persoa ou persoas que interviñeron no proceso.
- D) Todas son correctas.